



PLAN DE ACTIVIDADES 2024



Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

ÍNDICE

01

XUNTA DE GOBERNO

02

PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN:

- Defensa da profesión
- Boa praxe profesional
- Representación Institucional
- Participación política
- Autocoidado
- Participación
- Investigación
- Comunicación
- Acreditación profesional da formación continua e experiencia profesional.

03

ÁMBITOS ESTRATÉXICOS DE ACCIÓN

- Servizos sociais comunitarios básicos
- Traballo social en educación
- Familia infancia
- Traballo social sanitario
- Inclusión social
- Traballo social na administración de xustiza
- Traballo social en grandes emerxencias e catástrofes
- Supervisión
- Ética e deontoloxía Profesional
- Traballo Social e feminismos

04

TRANSFERENCIA DE COÑECIMENTO

Presentación

Tendo esta Xunta de Goberno superado o ecuador do seu mandato, presentamos neste documento o **Plan de Actividades para o ano 2024**. Unha proposta de actividades que busca concretar resultados e fundamentar as liñas de traballo estratéxicas coas que nos comprometemos e que compoñen o motor da nosa acción ao fronte do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

Nas próximas páxinas veredes que se destaca o autocoidado e o coidado grupal como valor e dinámica de actuación nas relacións entre profesionais. Coidarnos é fundamental para poder atender, para levar adiante un traballo social acorde coa deontoloxía e unha boa praxe profesional. Esta liña de acción complementa toda o resto das dinámicas desta entidade.

O ano 2023 cumpríronse corenta anos de vida deste Colexio, e de toda a estrutura colexial do Estado. Estes 40 anos permítenos mirar con certa madurez a nosa traxectoria e os logros que para a profesión e os profesionais logramos como institución ao longo deles. Neste momento, con 3.400 persoas colexiadas, atopámonos nun momento de fortaleza e vigor, que nos permite abordar o presente con seguridade, tanto na relación coas administracións como co resto de profesións do eido social. Queremos utilizar a forza que nos da a nosa colexiación para conseguir metas coa presenza do Traballo Social en todos os espazos de acción social, e co xeito no que estamos presentes.

O que nos ensinou a experiencia histórica é que nada permanece inmutable e a evolución nesta profesión ligada á sociedade é a única cuestión segura. O cambio no obxecto do Traballo Social é periódico e necesario para adaptarse as necesidades das persoas e estruturas.

Toda a estrutura colexial esta implicada no enunciado e implementación dun **novo modelo de servizos sociais** que nos permita seguir facéndoos medrar e mellorándoos dende a o Traballo Social. O COTSG utilizara a súa enerxía en potenciar este traballo.

Deixámosvos co contido da Plan de Actividades do ano 2024, agradecendo a vosa presenza que é a que nos da forza.

1 XUNTA DE GOBERNO



A Xunta de Goberno elabora no 2023 o seu propio “Código do Bo Goberno”.

O Código de Bo Goberno ten por obxecto establecer os principios orientadores, procesos e as normas de conduta que deben respectar os membros das Xunta de Goberno dos Colexios profesionais, profesionais empregadas/os na organización e, en xeral, persoas ou institucións que manteñan colaboración estreita coa institución, na consecución da misión e o cumprimento dos valores coa máxima transparencia e eficacia.

Este Colexio profesional **COMPROMÉTESE** ao Código do Bo Goberno nos seus principios éticos de actuación no cargo que poidan ostentar:

código de bo goberno



Cumprimento deontolóxico

Defender os valores, principios e deberes recollidos no Código deontolóxico do Traballo social e na Declaración de principios da FITS.



Integridade

O que implica non abusar da posición dos órganos de goberno do Consello Xeral, Presidencia, Xunta de Goberno e membros da Asemblea para beneficio ou ganancia persoal. Non aceptación de ningún trato de favor ou situación que implique privilexio ou vantaxe inxustificada; abstención en asuntos nos que a existencia dun interese persoal poida supoñer un conflito de intereses cos seus cargos; uso dos recursos e bens do Colexio de Traballo Social con austeridade.



Respecto e calidez

O que supón recoñecer e considerar a cada persoa como ser único, con intereses e necesidades, e o compromiso dun trato amable e afable na atención e servizo derivados do cargo.



Respecto aos dereitos fundamentais e liberdades públicas

Evitando toda actuación que poida producir discriminación algunha ou que atente, dalgunha forma, contra os dereitos e liberdades fundamentais recollidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos.



Responsabilidade

No cumprimento das tarefas que nos correspondan ou sexan encomendadas. Asumiremos as consecuencias que se desprendan do cumprimento das tarefas encomendadas, sexan estas positivas ou negativas.



Transparencia

Serviremos ao interese da profesión obrando dunha maneira aberta e promovendo a responsabilidade individual e o exemplo persoal.

Misión e Valores

A **misión** do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia é representar colectivamente ao Traballo Social e promover as condicións a todos os niveis que permitan un desempeño profesional coherente coas normas éticas, deontolóxicas e científicas e da praxe profesional adecuada, reafirmando a imaxe pública dos e das traballadoras sociais. No ano 2024 continuaremos encomendando todo o que fagamos a conseguilo.

01 **A vinculación da colexiación coa estrutura colexial, como xeito de acción colectiva**

02 **O Traballo Social é unha profesión das persoas e da sociedade**

03 **A ética e o compromiso cos valores democráticos guía toda a acción**

04 **O exercicio da nosa profesión implica unha visión crítica e construtiva da realidade.**

05 **A defensa da igualdade e reivindicación da diferenza**

06 **A mirada feminista impregna todo o que significa Traballo Social**

07 **A sostibilidade non é optativa, é vital**

08 **A participación é a vía para un intervención social asertiva**

09 **O Traballo Social é indisoluble da intervención social en calquera dos sistemas de benestar nos que se produza.**

10 **Compromiso coa defensa de tódalas accións que impliquen vivir, traballar e exercer a profesión dende unha perspectiva ecolóxica e de defensa do equilibrio medioambiental.**

2

PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

DEFENSA DA PROFESIÓN

O COTSG defende en todas as áreas o Traballo Social, co obxectivo do benestar colectivo da profesión e da ordenación das súas responsabilidades ademais de combater o intrusismo profesional, e garantir a profesionalidade nas accións das persoas colexiadas.

Este espazo nace como unha ferramenta de participación, de inserción e reivindicación da nosa profesión ante o conxunto da sociedade.

Continuaremos a apostar pola mellora da praxe profesional, a loita contra o intrusismo profesional, velar pola legalidade de bases e procesos selectivos, cobertura de prazas, incumprimento de ratios...etc.

O principal encargado de velar pola defensa da profesión é o COTSG, incidindo nos aspectos que se consideren inxustos e reclamar aqueles campos onde sexa imprescindible a figura da nosa profesión.

As accións a desenvolver:

- Visibilización da figura do/da profesional de Traballo Social como eixe fundamental do sistema de Servizos Sociais.
- Busca de novas áreas de emprego para a nosa profesión, e revalorizar as que estean menos explotadas.
- Reclamar a cobertura de postos de Traballo Social no sector público e recuperar aquelas nas que a nosa figura quedou relegada.

BOA PRAXE E COMISIÓN DEONTOLÓXICA

A colexiación é obrigatoria e única para aqueles/as profesionais que traballen para unha Administración Pública ou desempeñen a súa actividade profesional de forma privada. Colexiarse é un exercicio de responsabilidade de cada profesional. Unha garantía de compromiso deontolóxico e de boa praxe profesional. Do mesmo xeito, a colexiación é un dereito: o dereito á representación dos nosos intereses, á promoción do papel dos/as traballadores/as sociais na nosa sociedade e á ordenación do exercicio profesional.

En definitiva, o COTSG debe apostar por esta responsabilidade, traballando para defender a profesión e para que as persoas que se adican ao Traballo Social se sintan representadas. Por este motivo, a entidade levará a cabo unha análise da evolución da colexiación, estratexias de actuación e visibilidade profesional.

01

Campañas de divulgación específica, partindo da necesidade da unión e construción de discursos comúns da nosa profesión. Dirixidas a profesionais, administracións, terceiro sector e universidades. A colexiación permítenos ordenar o exercicio da profesión garantindo que se rexa por unhas normas deontolóxicas, que salvagardan os dereitos das e dos cidadáns.

02

Traballar coas persoas colexiadas de oficio ante o exercicio irregular. Dende o Consello Xeral de Traballo Social fainos saber que a través da Constitución Española no seu artigo 36 reconece que as profesións con colexios profesionais, as persoas que exercen esta profesión deben estar colexiadas para exercela.

03

A colexiación é un dereito para a representación dos intereses, promoción e ordenación do exercicio profesional.

 3 EIXES DE ACCIÓN

REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL E PARTICIPACIÓN POLÍTICA DA PROFESIÓN

A nosa profesión móvese irremediabilmente no eido da política, entendida como a actividade humana tendente a creación de procesos para a toma de decisións que implican a asignación de recursos dentro dunha xestión concreta.

Participar nos procesos nos que se xestionan os recursos e medios dos fondos destinados ao benestar social é unha obriga institucional do Colexio.

Esta participación ten como obxecto asegurar a presenza no proceso dos criterios de redistribución e xustiza social.

Por este motivo o Colexio participará en todos os foros e procesos nos que se deseñe, planifique, organice ou debata sobre principios e políticas de benestar social, regulación normativa e técnica, creación científica ou organización de calquera área onde teña ou debera ter presenza o traballo Social. Consideramos de máximo interese que se escoite sempre a voz da profesión en todos estes espazos.

O COTSG é unha ferramenta ao servizo dos intereses colectivos da profesión, e polo tanto necesita manter unha presenza pública que o consolide como un suxeito de relacións institucionais con dispoñibilidade para comunicación, participación e asesoramento nos temas que lle son de competencia. A Xunta de Goberno do COTSG comprometése en manter unha presenza activa a nivel social, que sitúe á profesión nun primeiro plano en encontros de carácter social no noso espazo de interacción.

No ano 2024 hai unha cita electoral importante para Galicia, as eleccións autonómicas o 18 de febreiro de 2024. Nesta cita a cidadanía galega escollera aos seus representantes parlamentarios, e por tanto ao seu goberno para a próxima lexislatura. O resultado desta cita electoral condiciona o modelo, a organización e o investimento de servizos sociais que levara adiante o goberno autonómico nos vindeiros catro anos.

O COTSG organiza un sistema participativo para elaborar un documento de propostas dende o Traballo Social. Estas propostas queren incidir en aspectos estratéxicos das políticas sociais que compoñen o estado do benestar, para asegurar os dereitos sociais de galegos e galegas, e foron redactadas coa perspectiva que nos proporciona a presenza de traballadoras sociais en todos os ámbitos de intervención. O documento distribúese a todos os partidos políticos.



Para ver o documento prema [aquí](#).

Complementariamente, a Xunta de Goberno do COTSG convoca nas primeiras semanas do ano reunións cos representantes dos principais partidos políticos galegos para escoitar as propostas que sobre benestar social levan nos seus programas electorais, e transmitirllles directamente os criterios básicos que a profesión pode aportar á súa folla de ruta para a xestión da administración no noso campo de actividade.

Estas reunións pretenden achegar ós e ás representantes públicos á realidade do Traballo Social, e fundamentar unha relación de confianza que sitúe ao COTSG como un axente de asesoramento e opinión nas políticas sociais.



A Xunta de Goberno con Podemos Galicia



A Xunta de Goberno co Partido Socialista



Miriam Rodríguez, presidenta do COTSG, co
Bloque Nacionalista Galego



COIDADOS: AUTOCOIDADO E A LAREIRA SOCIAL



Habilitar un espazo de encontro no cal facilitar ferramentas, obradoiros e actividades onde se poña no centro os coidados é un obxectivo prioritario:

- ♥ Crear un espazo de seguridade onde ter outra oferta formativa teórico-práctica máis distendida, onde o foco transversal estea nos coidados e o bo trato.
- ♥ Fomentar actividades que melloren as habilidades sociais e emocionais.
- ♥ Realizar un acompañamento profesional e persoal con accións para promover a redución do estrés e o queime profesional.
- ♥ Mellorar a capacidade de análise e as relacións inter e intra persoais.

Para desenvolver este proxecto contéplanse diferentes estratexias de acción: Post en redes sociais promovendo tips, información, películas, podcast, etc sobre diversos conceptos no ámbito dos coidados





COIDADOS: AUTOCOIDADADO E A LAREIRA SOCIAL



Obradoiros:

- Grupo de apoio. Arte para os coidados grupais:** Un espazo participativo e vivencial de apoio e co-aprendizaxe para incrementar o benestar integral de cada persoa. Abordando contidos como autoconceito, xestión emocional, conflitos emerxentes, comunicación non violenta, rangos de poder, creación, etc. (novembro 2023- xuño 2024)
- Estratexias de xestión do estrés:** Abordando contidos como o estrés e o síndrome do burn-out, estratexias condutivas, cognitivas de afrontamento e paliativas, etc (febreiro 2023)
- Resolución de conflitos interpersoais:** Traballando nos contidos sobre as relación interpersoais, resolución de conflitos, asertividade, etc. (marzo 2024)



PARTICIPACIÓN

Unha das propostas fundamentais de acción da Xunta de Goberno é a **participación da colexiación na vida colexial**. A mellor mostra disto é a actividade dos **grupos de traballo e comisións**, que teñen unha actividade constante e permanente.

Os grupos de traballo teñen unha reunión mensual/bimensual e as comisións unha trimestral. Ambas formas de organización teñen a oportunidade de asistir ás reunións de forma mixta, presencial e online.

Nas xuntanzas mantidas abórdanse diferentes temáticas e proxectos, como elaboracións de guías de recursos, promoción e defensa do ámbito de traballo, difusión para redes en días internacionais ou mundiais específicos ou elaboración de documentos de interese, seguindo as situacións emerxentes resultantes do traballo e das eivas do día a día.

Para este 2024, o COTSG pon o foco en:

- Traballar por obxectivos
- Xuntanzas presenciais e online mensuais e trimestrais
- Xerar interrelación entre todos os grupos e comisións de traballo
- Formación específica para os grupos de traballo
- Vantaxes exclusivas para as persoas integrantes dos grupos




grupos previstos para 2024

01

GRUPO DO NOVO MODELO DE SERVIZOS SOCIAIS

Difundir o Novo Modelo de Servizos Sociais



GRUPO TRABALLO SOCIAL EDUCATIVO


- Reivindicar a figura do traballo social educativo
- Difusión en redes sobre o traballo social en educación
- Participar na organización da I xornada de traballo social educativo

02

03

GRUPO SAF

- Mostrar as eivas e problemáticas do servizo
- Traballar sobre un modelo de ordenanza



GRUPO INCLUSIÓN

- Reivindicar e analizar a situación actual no ámbito da inclusión

04

05

GRUPO SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

- Reivindicar a situación dos Servizos Sociais no ámbito galego
- Traballar nun modelo de ordenanza de emerxencia social
- Continuar coa campaña #maisservizosmenosbonos para denunciar a situación polo bono coidado.
- Campaña en redes #sontraballadorasocial #eutamen para visibilizar a situación da profesión.



GRUPO DE TRABALLO SOCIAL E FEMINISMOS

- Traballar o debate sobre as implicacións profesionais dos postulados feministas.


06

grupos previstos para 2024

07

GRUPO DE TRABALLO SOCIAL E SAÚDE MENTAL

- Visibilizar a situación dos CRPL
- Elaboración dunha guía e mapeo de recursos



GRUPO TRABALLO SOCIAL SANITARIO

- Realizar un mapeo de recursos
- Traballar sobre un modelo de triaxe social
- Difusión sobre a situación do traballo social sanitario

08

09

GRUPO EN EXERCICIO LIBRE

- Visibilizar o exercicio libre
- Difusión de información sobre o peritaxe social



Comisiones previstas para 2024

10

COMISIÓN DE INFANCIA E FAMILIA

- Promover o Incremento do persoal das equipas técnicas de menores, adecuación dos requirimentos específicos dos postos de traballo á dereitos laborais e económicos.



COMISIÓN SOBRE OS REQUIRIMIENTOS DE INFORMES SOCIAIS POR PARTES DOS XULGADOS

Nova comisión que analizará os informes requeridos por parte de xulgados, buscando unha unificación de criterios.

11

INVESTIGACIÓN

Durante a última década o Consejo General del Trabajo Social promoveu **catro informes sobre a profesión do Traballo Social en España**. Estes informes poden dar algunhas orientacións sobre o estado do Traballo Social en Galicia, pero non permiten afondar nas realidades sociais que nos son propias.

O COTSG ten interese en aumentar o coñecemento científico sobre a realidade do Traballo Social galego, afondando no coñecemento e información dispoñible sobre a estrutura e condicións nas que se desenvolve na nosa comunidade autónoma.

Consideramos necesario coñecer as experiencias, opinións e necesidade dos e das profesionais, ter unha visión clara sobre as experiencias, opinións e necesidades que ten o colectivo.

Para isto, durante o ano 2024 desenvolverase a investigación **“Informe sobre os servizos sociais e a profesión do Traballo Social en Galicia. Enquisa representativa das persoas colexiadas en Galicia”**. Este traballo impulsado polo Colexio Oficial de Traballo de Galicia, desenvólvese dende o co-deseño entre tres entidades: o propio **Colexio, a Universidade de Vigo e a empresa Indaga**. Cada unha destas tres pezas ten un papel complementario en todo o proceso de investigación, que dará como resultado un informe que nos permitira ter unha imaxe de como é a profesión e os profesionais do Traballo Social en Galicia.

O proxecto comezou a finais de decembro de 2023 e rematará no verán do 2024.

Os obxectivos da investigación son:



Identificar as temáticas clave abordadas en anteriores estudos e seleccionar aquelas preguntas e ámbitos clave que poidan contribuír á comparación dos resultados obtidos coa realidade de Galicia e a análise das súas especificidades.



Facer un mapa das estruturas nas que se organiza do Traballo Social no territorio galego. Dimensionar o número de persoas en función dos niveis de atención, os sectores, tipo de hábitat e os ámbitos de traballo








Indagar sobre cuestións relacionadas co ámbito laboral (salarios, contratos, xornadas...) que permitan coñecer o perfil profesional das persoas colexiadas.



Recoller as opinións, expectativas e necesidades das persoas colexiadas respecto da profesión do traballo social.

COMUNICACIÓN

A estratexia de comunicación do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) ten como **obxectivo principal informar á colexiación sobre a actualidade da profesión**. Neste sentido, tamén se busca aumentar a notoriedade da profesión entre a cidadanía, así como entre as entidades do terceiro sector. Entre as metas da estratexia de comunicación inclúense:

-  A divulgación dos avances realizados na defensa dos sistemas públicos de protección dos servizos sociais de Galicia e os resultados obtidos na defensa do traballo social nos diversos ámbitos de actuación.
-  Comunicar as actualizacións sobre a profesión relevantes para a colexiación.
-  Compartir as reunións institucionais que mantén o COTSG con outros organismos e entidades.
-  Informar á colexiación sobre os recursos á súa disposición.
-  Xerar unha rede coordinada con outras entidades do terceiro sector.



A estratexia de comunicación do COTSG emprega como ferramentas o gabinete de prensa e as relacións cos medios de comunicación, as redes sociais do COTSG (X, Instagram, Facebook e LinkedIn), a newsletter, así como a web e o blog do COTSG.



Gabinete de prensa

De cara a 2024, o COTSG continuará a liña de traballo de relacións cos medios de 2023, cando se acadaron máis de 40 impactos en medios estatais e galegos. Entre os temas habituais dirixidos á prensa inclúese a liña de traballo de defensa da profesión, así como as declaracións institucionais do colexio.




Na **WEB** actualízanse as novas semanalmente, con contido de interese para a profesión. En 2024 continuaránse actualizando outros contidos da web, para manter unha presenza dixital constantemente actualizada.



BLOG

Cada mes compártense dous artigos no blog do colexio, nos que se abordan distintos temas e entrevistas coa colexiación.

A newsletter semanal do COTSG, o fío, é a forma máis directa de comunicación do colexio coa colexiación. Semanalmente envíase este correo co resumo das últimas novas. Como reforzo puntual, en determinadas campañas envíanse newsletter específicas cun tema concreto.



O COTSG conta con perfil nas seguintes redes sociais: **Instagram, Facebook, X, LinkedIn e YouTube**. En xeral, o contido compártese en todas as redes sociais, aínda que en LinkedIn acostúmase a priorizar contido de índole laboral e en YouTube, polas características da plataforma, vídeos. A continuación, detállase o tipo de contidos que se comparte en cada plataforma:

- **Información xeral:** Contidos en redes sociais para informar sobre actividades habituais do colexio. Nesta liña inclúense: avisos, formacións, resumo, cambios de horario, imaxes das actividades, trámites, promoción doutros recursos do colexio... Os contidos acompañanse sempre dunha creatividade ou unha fotografía. Compártense en todas as redes sociais, agás YouTube.
- **Defensa da profesión:** Contidos en redes sociais para informar das actividades de Defensa da Profesión do colexio. Compártense en todas as redes sociais, agás YouTube.
- **Campañas recorrentes:** Ademais, o colexio pon en marcha unha serie de campañas recorrentes nas súas redes sociais:
 - A campaña, **#PorserdoCOTSG**, busca dar a coñecer as facilidades do COTSG para as persoas colexiadas.
 - A campaña, **O Traballo Social en Acción**, busca dar a coñecer distintos campos de actuación do traballo social
 - A campaña, **#MomentoAutocoidado**, busca difundir en redes das actividades de autocoidado na web.
- **Días Mundiais:** seguindo o calendario da UNESCO, compártense os distintos días mundiais relevantes para a profesión.
- **O COTSG nos medios:** Baixo o epígrafe de #OCOTSGnosMedios compártense as aparicións en prensa do colexio.
- **Difusión doutros contidos:** Neste epígrafe inclúense outros contidos aos que se lles dá difusión puntualmente. Poden ser por exemplo a difusión do documental do COTSG.





ACREDITACIÓN PROFESIONAL DA FORMACIÓN CONTÍNUA A EXPERIENCIA PROFESIONAL

O COTSG será o pioneiro do proxecto *piloto do Consejo General del Trabajo Social* para **O MODELO DE ACREDITACIÓN DE DESARROLLO PROFESIONAL CONTINUO (DPC)**.

A acreditación DPC é un certificado emitido polo CGTS conxuntamente cos Colexios Profesionais Oficiais, que acredita o **DESARROLLO PROFESIONAL CONTINUO** dunha persoa validando e certificando a competencia profesional, sendo válida en todo o territorio estatal.

Beneficios:

- Prestixio profesional: selo de garantía do CGTS.
- Veracidade do curriculum vitae.
- Apoio nos procesos de recoñecemento de cualificacións a nivel internacional.
- Visibilidade profesional.
- Rexistro de profesionais acreditados.
- Beneficios no acceso a formación das Universidades.
- Descontos en formación.
- Acreditación do desenvolvemento profesional.

ACREDITACIÓN PROFESIONAL DA FORMACIÓN CONTÍNUA A EXPERIENCIA PROFESIONAL

O DPC ten o obxectivo de documentar e acreditar a formación e experiencia ao longo da vida profesional do/a traballador/a social, ao tempo que esixe unha reciclaxe contínua de coñecementos para o correcto desenvolvemento do exercicio profesional.

Este modelo baséase seguindo os criterios establecidos no modelo común de acreditación do DPC das profesións tituladas, colexiadas e reguladas no Estado, elaborado por Unión Profesional no 2012.

A directiva 2013/55 de Recoñecemento de Cualificacións Profesionais, trasposta a normativa española no RD 581/2017, quere reforzar o mercado interior e a libre circulación de profesionais mediante un recoñecemento eficaz e transparente das cualificacións profesionais.

O obxectivo do DPC consiste no recoñecemento e/ou validación, por parte das corporacións profesionais, da formación post-universitaria, da formación non-formal e outros elementos que poidan ser xustificadas documentalmente a través de certificados oficiais, e da experiencia e prácticas profesionais realizadas ao longo da carreira profesional.

ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

Servizos sociais comunitarios básicos

Os Servizos sociais comunitarios básicos son a columna vertebral do sistema de servizos sociais, e esta Xunta de Goberno entende que son fundamentais para o funcionamento de todos os servizos de benestar social.

A situación pola que atravesan é complicada, enfróntanse a unha marea de encargos por exclusión, con cadros de persoal limitados polas políticas de austeridade sen un obxecto claro. É por iso que no 2024 seguiremos traballando para **definir as competencias e os límites da actividade dos servizos sociais** comunitarios básicos da man das comisións de traballo de Servizos Sociais Comunitarios e da Comisión sobre os **requirimentos de informes sociais** por parte dos xulgados. Que a financiación sexa suficiente para que **medre o número de traballadoras sociais** e as retribucións poidan ser acordes ós requirimentos profesionais, será outro dos obxectivos para este ano.

Novo Modelo de Servizos sociais

O Colexio profesional únase co Consello Xeral no inicio dun cambio de paradigma no sistema de servizos Sociais alineado co Novo Modelo de Servizos sociais, apostando por camiñar e traballar cara outro **modelo (público, universal, garantista, comunitario, preventivo e descentralizado na atención social)**, tendo en conta todos os cambios sociais das últimas décadas e visto que existen elevadas carencias en canto á protección social e á garantía de dereitos sociais á cidadanía.

Continuando coa coordinación co Consello Xeral e coa rede colexial, apostamos por un cambio estrutural e situando o Novo Modelo na axenda pública.



Traballo social en educación

O sistema educativo debe mellorar na abordaxe dos problemas sociais, familiares e persoais do alumnado e das relacións entre todos os axentes implicados na comunidade educativa. É necesario tamén que a atención social dos sistemas de servizos sociais, saúde e xustiza poida coordinarse co sistema educativo, establecendo intervencións sociais con obxectivos claros e consensuados.

Para reivindicar a presenza do Traballo Social dentro do sistema educativo seguiremos negociando coa administración autonómica para evidenciar as carencias, e a vez traballar con todos os axentes da comunidade educativa para definir os contidos do Traballo Social educativo a través de todas as actividades, encontros e foros nos que sexa posible participar.

O grupo de traballo constituído no COTSG será un apoio fundamental para facer este camiño. A **colaboración coa Confederación de ANPAS Galegas** esta enfocada a difundir o Traballo Social no eido educativo, dende a proactividade e a construción de redes.

No congreso Internacional de Traballo Social CIFETS 2024 en Málaga as persoas integrantes do grupo de Traballo Social Educación presentarán un artigo feito no grupo sobre a necesidade da figura do traballo social no ámbito educativo **(+info)**.

INSCRÍBETE AQUÍ!





Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

I XORNADAS DE TRABALLO SOCIAL EDUCATIVO



A peza que falta

09.00h - 09.30h. Recepción dos asistentes. Entrega da documentación.

09.30 - 10.00h. DISCURSO INAUGURAL:

- **Miriam Rodríguez.** Presidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.
- **Ana M^a Vilar.** Vicepresidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e vogal do Consello Xeral.

“Novo Modelo no eido educativo ¿Como afecta?”.

- **Laura Zapata.** Vogal da Xunta de Goberno e Responsable do Grupo de educación do COTSG.

10.00 - 11.30h. MESA DEBATE: “ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIAL NO SISTEMA EDUCATIVO EN GALICIA”.

- **Isabel Calvete.** Presidenta da Confederación ANPAS Galegas.
- **Berta Conde.** Coordinadora de Servizos Sociais municipais do Concello de Teo.
- **Andrea Lago.** Traballadora social de proxectos socioeducativos e creadora de “Brujuleando”.
- **Marta Pintos.** Traballadora Social do Programa de Acoillimento familiar de Cruz Vermella.

Moderadora Diana Escobar: Docente e investigadora do Grao da Escola Universitaria de Traballo Social (USC) e do grupo de investigación Pedagogía Social e Educación ambiental.

11.30 - 12.30h. PONENCIA “ EXPERIENCIA DA PRÁCTICA PROFESIONAL NO EIDO EDUCATIVO E PROPOSTAS DE IMPULSO DO TRABALLO SOCIAL EN EDUCACIÓN DO CONSELLO XERAL”.

Dolores Soler. Traballadora social en Educación da Comunidade Valenciana na Unidade Especial de Orientación de Alicante. Vogal do Consello Xeral de Traballo Social.
Presenta Ana M^a Vilar.

12.30 - 13.30h. TALLER DE CLAUSURA: REFLEXIÓNS E CONCLUSIÓNS DA XORNADA a cargo do Grupo de Traballo Social en educación en Galicia do COTSG.

- **Coordinada por Ana Isabel Souto:** Docente do grao da Escola Universitaria de Traballo Social da USC.



Sábado 27 de abril de 2024
09.00 h - 13.30 h

Análise da situación social no sistema educativo da Comunidade galega

Edificio CERSIA - Santiago de Compostela
Rúa do Alcalde Raimundo López

Familia e infancia

O Sistema de Protección de menores ten necesidade de mellora en canto a ratios, cobertura de prazas, clarificación de funcións, especialización dos/as profesionais...etc., así como a mellora na cobertura das persoas usuarias do mesmo, extendendo de xeito universal a protección despois da maioría de idade.

Traballaremos para facer efectivo o compromiso da administración sobre a atención mediante familias de acollida dos menores de 6 anos de idade antes do 2025, ademais de apostar por medidas e programas que beneficien aos menores de idade.

Traballo social sanitario



O sistema sanitario e o traballo no campo da saúde son o xerme onde naceu a nosa profesión, e segue a ser un medio fundamental para entendela. Os intereses colectivos neste sector sintetízanse en mellorar a cobertura da atención social na saúde en todos os dispositivos e servizos sanitarios de Galicia, así como seguir impulsando as xestións a nivel estatal para conseguir a cualificación do Traballo Social como profesión sanitaria.

A **saúde mental** merécenos unha atención destacada, xa que é unha parte do sistema de saúde que necesita un abordaxe individualizada. Os cambios sociais e familiares fixeron nestas últimas décadas que a responsabilidade do coidado pasara de familias á administración e mudou o que entendemos por unha atención adecuada para estas doenzas. É por isto que hai grandes necesidades de persoas doentes e familias que non son atendidas de xeito óptimo, estando todo o sector nun proceso de análise e cambio. Cambio que non pode ser alleo ao Traballo Social, xa que dende esta profesión contamos con unha perspectiva privilexiada que nos da a presenza na primeira liña.

A Xunta de Goberno está pendente de todos os movementos e procesos que vaian a definir o modelo de asistencia aos problemas de saúde mental, e dentro desta a asistencia infantil e xuvenil, que implica unha coordinación e vinculación entre os sistemas de saúde e educación.

Inclusión social



A presenza activa do Traballo social na intervención profesional dos procesos de inclusión social é realidade dende hai moitos anos. Neste momento as metas neste ámbito de traballo son a defensa das políticas e actuacións encamiñadas a lograr a inclusión sociolaboral das persoas en situación ou risco de exclusión social, visibilizar o traballo das equipas e traballadores/as sociais das equipas de inserción social e, revitalizar a rede que forman estes dispositivos e impulsar a súa coordinación.

Outra das liñas de traballo deste Colexio é a creación dun sistema de rendas non condicionadas fora dos servizos sociais, integrado nos dispositivos do sistema de garantía de rendas, dotándose este da atención social necesaria para asumir as necesidades sociais das súas persoas usuarias. A Xunta de Goberno terá presente na súa actividade esta demanda e dende a súa realidade facilitara todas as accións tendentes a conseguilo.

Traballo social na administración de xustiza

A administración de xustiza necesita unha mirada social sobre o obxecto do seu traballo cada vez mais intensa e evidente. Non é posible ignorar e non valorar a dimensión social e os condicionantes dunha persoa, familia e actividade se a administración de xustiza quere ter unha funcionamento ecuánime. As limitacións que a organización da administración da xustiza ten para poder incorporar esta visión son importantes pola escaseza de profesionais e o crecemento dos campos nos cales hai un acordo da necesidade de información profesional que recolla a valoración social.

Dende a Xunta de Goberno neste ano 2024 seguiremos perseguindo que esta demanda se satisfaga dende o sector publico e que sexa absorbida por persoal interno da administración de xustiza. Por outra banda, estaremos pendentes das demandas aos servizos comunitarios básicos para evitar que as peticións á xuíces e tribunais non colapsen a súa actividade, impedíndolle en moitos casos asumir as tarefas dos programas e servizos que lle son propios.


Traballo social en grandes emerxencias e catástrofes

A intervención en grandes emerxencias e catástrofes é un espazo natural de participación comunitaria do Traballo Social. Calquera suceso de importancia neste ámbito ten aparelladas unhas situacións de gran complexidade social, que necesitan ser atendidas por persoal especializado e adestrado no manexo de situacións emocionalmente complexas.

O COTSG ten claro que esta área de intervención do Traballo Social necesita ser reivindicada para mellorar a abordaxe destas situacións. Mantivéronse contactos a nivel institucional coa administración autonómica para establecer vías de traballo que leven a contar con unha estrutura que permita prestar a atención social en grandes emerxencias e catástrofes. No primeiro trimestre haberá unha reunión para presentar un proxecto, e esta prevista unha xornada de traballo para o último trimestre do ano, no que poder aprender das experiencias de outras comunidades autónomas e de outros Colexios de Traballo Social.

O obxectivo a medio prazo desta colaboración é a creación dun grupo de voluntariado organizado, formado e coordinado dende o COTSG. Este grupo estaría integrado dentro do PLADIGA, e os responsables de cada operativo poderían contar coa súa colaboración de considerala necesaria. Durante o ano 2024 iranse dando pasos en esta dirección.

Supervisión



A supervisión no eido dos servizos sociais é unha actividade que reporta garantías, seguridade e autocoidado aos profesionais. Hai unha necesidade principal, que hai que abordar como primeira medida; a existencia de profesionais formados na mediación que poidan comezar a ser titores na supervisión da práctica de profesionais e equipos

A formación destes profesionais ten que reunir uns requisitos; ten que ser capacitante, de prestixio e ter un recoñecemento académico. O Colexio propónse para o ano 2024 impulsar un Curso Superior de Experto/a Universitario en colaboración coa Universidade de Vigo. Este curso é a primeira medida para conseguir un grupo de profesionais especialistas en supervisión dende o Traballo Social. Paralelamente impulsaranse actividades que reforcen o filosofía da supervisión entre os traballadores e traballadoras sociais.

Ética e deontoloxía Profesional

As guías da actividade profesional do Traballo Social son a **ética e deontoloxía profesional**. Tendo en conta esta máxima, a Xunta de Goberno dentro desta memoria quere facer fincapé na seu interese en manter e facilitar o funcionamento do órgano do colexio de Galicia que garante unha coherencia entre os principios éticos e a práctica do Traballo Social: a *comisión deontolóxica*. Esta comisión conta con unhas normas que regulan o seu funcionamento, e conta co apoio de toda a infraestrutura do COTSG.

No ano 2024 creara un Comité de Ética da Intervención Social, que completa os mecanismos deontolóxicos do Colexio de Galicia.

Como xa sabemos, un dos marcos da esencia do Traballo Social e que forma parte da súa identidade son, a ética e a deontoloxía, a primeira baséase no formulario a priori e a posteriori da busca da resolución das diatribas morais que xorden no desenvolvemento da praxis, actuando como base reguladora dos principios e valores inherentes ao exercicio profesional.

A actual xunta de goberno en todo o que leva de legislatura fixo especial fincapé neste tema promocionando o funcionamento da actual Comisión Deontolóxica; pondo ao servizo da Colexiadas e Colexiados espazos de formación na temática, e, en coordinación co Consello Xeral de Traballo Social, formando parte activa na rede de comisións deontolóxicas que conforman todos o colexios profesionais do Estado.

Durante o ano 2024 e con data de hoxe continuouse coa representación activa na **III Rede de Ética e Deontoloxía de Traballo Social** realizada en Madrid con data do 27 de Xaneiro, sendo o tema deste terceiro encontro unha revisión dos principios e valores do Código deontolóxico.

Paralelo a esta xornada de traballo estase promovendo unha **formación específica en Ética Aplicada á Intervención Social**, desenvolvendo diversas accións orientadas á implementación do Comité de Ética Autonómica.



Traballo Social e feminismos

A igualdade de trato e oportunidades entre homes e mulleres é unha meta que socialmente non pode ter discusión. O feminismo provocou a revolución mais potente das ultimas décadas no mundo occidental. O Traballo Social esta implicado neste fenómeno social por dúas vías; por unha parte necesita asumir os postulados feministas na súa praxe, revisar a súa metodoloxía e a súa construción profesional para adecualo á realidade da sociedade.

Por outra banda como profesión feminizada debemos facer unha auto análise da nosa realidade laboral e profesional para valorar os efectos que a discriminación machista tivo no noso ser colectivo. Non son cuestión que vaíamos a descubrir na súa totalidade con unha soa mirada. Temos por diante un traballo de percorrido e profundidade, que se ten que facer de xeito colectivo.



Logo do Grupo de Traballo Social e feminismos: As SemenTeiras



Lee [aquí](#) o **manifesto** polo 8 de marzo

TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO

FORMACIÓN

A formación permanente e de calidade é un dos fins do COTSG, tal e como se recolle nos seus estatutos, por ser indispensable para o bo desenvolvemento das funcións das profesionais do Traballo Social. A formación continua é o mellor camiño cara a excelencia profesional. Neste sentido é responsabilidade das organizacións colexiais implementar unha formación continuada que responda ás necesidades e demandas das profesionais colexiadas, e ós avances tecnolóxicos e sociais, tanto a nivel nacional coma europeo, favorecendo así un exercicio profesional responsable, con coñecementos actualizados sobre o desenvolvemento das nosas funcións. Partindo desta base, a presente proposta formativa ten como eixe transversal a formación nos diferentes contextos nos que se sitúa o Traballo Social, e os diferentes sistemas de protección social, liderando procesos de transformación dende o traballo social coa comunidade e os grupos. E todo elo dende unha necesaria perspectiva feminista que permita unha maior sensibilidade que, á súa vez, contribúa coa consecución da equidade social, difuminando as barreiras estereotipadas que aínda a día de hoxe permanecen nos imaxinarios colectivos.

Pola súa banda, o *Modelo do Sistema Público de Servizos Sociais* que propón e defende o Traballo Social, vertido ao galego e presentado en novembro do 2023 en Galicia, implica un cambio de paradigma nos modelos de atención social. Este cambio de paradigma pasa por unha relectura da realidade social, nas que o foco pasa de estar nas situacións de necesidade, a pousarse nas situacións e nos contextos relacionais, tomando deste xeito relevancia a ecoloxía nos procesos de intervención. Esta visión renovada implica cambios teóricos e prácticos no quefacer diario da profesión, e debe plasmarse por tanto en todas as accións formativas que se organicen. Do mesmo xeito que debe estar tamén presente, a través da formación, o compromiso coa ética e a deontoloxía profesional, como sinal de identidade que impregne de forma transversal tódalas accións.

En estreita relación con todo isto, atopamos como outro dos piares estratéxicos do COTSG: o **autocoidado**. Os coidados atravesan a vida, e entender a nosa profesión dende o paradigma dos coidados implica re- ou des- aprender a facer: as nosas relacións interpersoais – tanto nos equipos de traballo como coas persoas coas que levamos a cabo as nosas intervencións sociais –; a nosa relación coa contorna, e a nosa relación con nós mesmas/os. Estamos pois, ante un cambio de paradigma relacional, que pon o foco nas interaccións.

Por último, atopamos no proxecto da actual Xunta de Goberno o obxectivo de afondar no eido da **investigación** como ferramenta potenciadora de coñecementos. En concerto, interesa incrementar o coñecemento sobre a situación do sistema e da profesión, permitindo deste xeito perimetrar accións formativas orientadas a dar resposta aos déficits que detectamos no sistema, e na profesión.

De xeito complementario, quérense reforzar os vínculos coa comunidade universitaria, avanzando da man no desenvolvemento de formación complementaria para as e os profesionais do Traballo Social, que permitan xerar e transferir coñecementos a través de títulos de expertos/as universitarios/as.

Partindo destas premisas, elabórase o presente documento, no que se recolle a proposta de actividades formativas a implementar durante o ano 2024 cos seguintes obxectivos:

Xerais:

- Impulsar a formación e actualización permanente das persoas tituladas en Traballo Social.
- Fomentar a ética e a deontoloxía profesional como eixo transversal nas distintas accións formativas.
- Promover o paradigma dos coidados como estratexia para a mellora emocional e do desempeño profesional das e dos profesionais do Traballo Social.

Específicos:

- Avanzar na transferencia de coñecementos con formación complementaria especializada.
- Promover unha formación de calidade e adaptada ó contexto e necesidades profesionais de cada momento.
- Elaborar unha oferta formativa que combine os intereses das persoas colexiadas coas áreas de carácter innovador e/ou estratéxico establecidas dende o Colexio.
- Incorporar a investigación como ferramenta para a obtención de datos rigorosos de análise das necesidades do sistema e da profesión, que obteñan resposta a través do plan de formación.
- Incorporar no programa formativo as necesidades do sistema e da profesión detectadas a través do análise de datos obtidos de investigacións.
- Incrementar o acompañamento formativo a profesionais do ámbito comunitario e outros sistemas de protección social, resituando a intervención centrada na persoa, grupos e comunidades.
- Facilitar o acceso á formación das persoas colexiadas e precolexiadas, especialmente aquelas que se atopen en situación de desemprego e/ou teñan dificultades para a conciliación.
- Achegar a formación complementaria promovida dende o COSTG ao alumnado do Grado de Traballo Social na Comunidade Autónoma, a través da información presencial nos centros de referencia.
- Introducir o paradigma dos coidados, a ética e a deontoloxía no exercicio profesional.

As actividades de formación teñen unha tipoloxía atendendo á seguinte distribución:


Formación Básica

Correspóndese con aqueles contidos que se consideran imprescindibles para calquera profesional do traballo social, nos distintos ámbitos de intervención. Trátase dunha formación especialmente orientada a profesionais recentemente tituladas, que se atopen en situación de desemprego, que por un cambio de traxectoria vital accedan a un novo ámbito ou área profesional, ou persoas interesadas en manter a súa formación actualizada.

Para as accións formativas deste tipo pode potenciarse e promover, sempre que sexa oportuno e adecuado, que sexan profesionais colexiadas no COTSG, con unha traxectoria e ampla experiencia profesional recoñecida, as que impartan esta formación. Deste xeito, preténdese cubrir tres necesidades detectadas na profesión: o fomento e incremento da participación activa das persoas colexiadas na vida do COTSG; impulso da docencia como unha área mais de desenrolo profesional; recoñecemento e posta en valor dos coñecementos adquirido a través da praxe e a traxectoria profesional. Nesta tipoloxía de inclúense os cursos presentados a través da convocatoria de teleformación.

Formación programada desde o COTSG

Trátase de formación de carácter especializado, que pretende conxugar as demandas da colexiación, coas necesidades da profesión coma colectivo, tendo en conta a evolución da sociedade, os novos paradigmas emerxentes e as necesidades da profesión para manterse na vangarda social. Estará impartida por profesionais que teñan recoñecido prestixio no ámbito da materia de que se trate.





FORMACIÓN EN COLABORACIÓN: PODE SER DE DOUS TIPOS:

- Aquela que se leva a cabo, no marco dun convenio de colaboración ou contrato, con outra entidade que avala a calidade, pertinencia e/ou relevancia da mesma para as/os profesionais do Traballo Social, a través da súa acreditación (deputacións, Dirección Xeral de Inclusión...).
- Aquela que leva a cabo unha entidade con experiencia e recoñecido prestixio no eido da formación que oferta, e que se considera de interese para a colexiación, no marco dun convenio de colaboración co COTSG,



XORNADAS:

Son eventos de intensidade variable, no que se abordan cuestións relacionadas con un tema concreto, con unha intencionalidade formativa, reflexiva, de investigación, ou calquera outra que se considere oportuna. As xornadas poden xurdir a proposta da Xunta de Goberno do COTSG, ou ser promovidas polos Grupos de Traballo, prestándose neste caso tanto apoio económico coma técnico por parte do colexio.



WEBINARS:

Trátase dunha formación específica, de curta duración (non máis de 1 h), que se realiza a través de internet, en tempo real, e coa posibilidade de interacción por parte das persoas asistentes.



“A LAREIRA SOCIAL”:

Espazo exclusivo de relacións e reflexións en torno ó paradigma dos coidados, e que pon no foco da súa atención a saúde emocional das e dos profesionais do Traballo Social.

NOME DO CURSO	TIPOLOXÍA	FORMATO	N.º HORAS	DOCENTES	PROGRAMACIÓN
Intervención sociolaboral con persoas privadas de liberdade	Básica / Teleformación	Online	100	Alba Moretón e Laura Suárez. APES Asociación	1 febreiro a 31 maio
Estratexias de xestión do estrés	Básica	Presencial	8	Eduardo Martínez	3 e 10 de febreiro
Apuntes prácticos para a elaboración de Informes sociais	En colaboración DXI 1º semestre	Online	25	Ana Caamaño e Eva Gonzalez	19 febreiro ao 8 de marzo
Detección e pautas de actuación ante a violencia contra a infancia e a adolescencia	En colaboración	Online	6,5	Asociación Márxenes e Vínculos	Febreiro. En programación
Resolución de Conflitos interpersoais	Básica	Presencial	8	Eduardo Martínez	2 e 9 de marzo
O papel do Traballo Social na Emerxencia Climática	Estratéxica	Mixta	40	Marta Pernas	15 de marzo a 6 de abril (cancelado por falta de inscricións)
Intervención social con persoas con discapacidade. Novo sistema de apoios	Básica / Teleformación	Online	100	María Eugenia Veloso	2 abril a 30 de xuño
Traballo Social no sistema de protección á infancia	Estratéxica	Mixta	60	Marta Pintos e Emma Seoane	22 de abril ao 8 de xuño
Perspectiva de Xénero dende o Traballo Social	Estratéxica	Mixta	30	Raquel Millán	Abril – maio En programación
Xestión de proxectos con financiamento público	Básica	Semipresenc.	40	Andrea Lago	6 ao 20 de maio

Pobreza e xénero. A menstruación como elemento de desigualdade	Estratéxica	Presencial	20	Cromosomos X	24 de maio a 1 de xuño
Iniciación á escritura para Traballadoras/es Sociais	Estratéxica	Online	20	Belén Navarro	1º semestre En programación (cancelado por falta de inscricións)
Introdución á Mediación Escolar	Estratéxica	Presencial	15 – 20 h	Xesús Martínez	1º semestre En programación
Traballo Social Comunitario e con grupos	Estratéxica	Presencial	50	Isabel Herrero e Belén Arija	1º semestre En programación
Diagnóstico Social	En colaboración D XI 1º semestre	Presencial	50	Proposta a Izaskun sen resposta Proposta Nuria Fuster. En programación	1º semestre En programación
Obradoiro: a comprensión da factura da luz	En colaboración	Online	2	Fundación Naturgy. Escola de Enerxía	1º semestre En programación
Traballo Social Sanitario no ámbito hospitalario, atención primaria, saúde mental, urxencias e emerxencias	Estratéxica	Online	120	Julio Piedra Juan Jesús Rosa	16 de setembro a 16 de novembro
Traballo Social e Atención Integral Centrada na Persoa (AICP)	Básica / Teleformación	Online	100	Victoria Abadía	16 setembro a 18 novembro
Título de Experta universitario: Supervisión	En colaboración	Semipresenc.	15 ECT	UVIGO Carmina Puig	Setembro – decembro
Intervención Social en Senfogarismo e coas persoas sen fogar	Básica	Online	50	Pablo Sánchez	4 novembro ao 13 de decembro

Lei 8/2021, de 2 de xuño, de apoio á capacidade xurídica das persoas con discapacidade	Básica	Semipresenc.		Dolores Ortiz	2º semestre. En programación
Xestión e coordinación de SAF	Básica	online	40	Consuelo Vazquez Vazquez	2º semestre. En programación
Ferramentas en Traballo Social	Estratéxica	Online	25	Proposta Nuria Fuster. En programación	2º semestre En programación
Introdución ao Traballo Social Educativo	Estratéxica	Mixto	20 h	Proposta Ana Sande, Kristina Jausoro, Edurne Aranguren	2º semestre En programación
Ética aplicada á intervención social	En colaboración	Semipresenc.	60	Beatriz Díaz, Cayetana Rodriguez e Francisco Jimenez	2º semestre En programación
Os dereitos laborais	Webinar	Online, con opción a asistencia presencial	1	Julia Álvarez representant e sindicato	6 febreiro
O Traballo Social en Mútuas	Webinar	Online	1	Paula Crespo Fremap	14 de maio
O autocoidado	Webinar	Online	1	Grupo de Autocoidado Lareira Social	12 de marzo

O traballo social, a sustentabilidade, e a arquitectura urbanística	Webinar	Online	1	En programación	2º semestre En programación
Arte para os cidadáns grupais	Grupo de Apoio Continuado	Presencial	24	Andrea Alfaya	Xaneiro a Xuño
presentación da guía legal da lei 8/2021 para persoas con DCA	webinar	online	1	Miguel Vieito, asesor xurídico de FEGADACE	19 de abril

Xornadas

XORNADAS	TIPO-LOXÍA	FORMATO	HORAS	PONENTES / CONVITES	PROGRAMACIÓN
I XORNADA Traballo Social Educativo	Xornada	Presencia	xornada de mañá	Federación de ANPAs TS en funcións educativas TS de SS.SS Comunitarios inspección educativa EOE RAOGAL DX de educación, FP e Innovación Educativa	sábado 27 abril

XORNADAS	TIPO-LOXÍA	FORMATO	HORAS	PONENTES / CONVITES	PROGRAMACIÓN
IV XORNADA DE TRABALLO SOCIAL E SAÚDE	Xornada	Presencial	xornada de mañá e de tarde	Profesionais do Traballo Social do ámbito de Saúde	venres 10 de maio

ESCOLA DE VERÁN

O Consejo General de Trabajo Social, coa colaboración do COTSG organizan a escola de verán 2024. Esta actividade terá lugar o 21, 22 e 23 de xuño na residencia de tempo libre de O Carballiño. Hai capacidade para 150 persoas participantes.

O tema escollido baixo o título de “as artes para (auto)coidarse, con unha base ecosocial”, e ten como obxectivo transmitir a arte e a expresión artística como ferramenta para o coidado e o autocoidado. Como acostuman estas xornadas, estarán compostas de obradoiros, excursións e outras actividades lúdicas.

REVISTA GALEGA DE TRABALLO SOCIAL FERVENZAS

A Revista Galega de Traballo Social Fervenzas ten a misión de dar voz as profesionais do Traballo Social, tratando diferentes temas a distintos niveis de análise, artigos dende a praxe profesional, investigacións, entrevistas, recensións bibliográficas e artigos sobre diferentes entidades da nosa contorna galega.

Para o ano 2024, ademais de editar un novo número da revista, planeamos abordar as seguintes accións:

- Novo formato dixital da Revista e da páxina web
- Difusión continua dos artigos publicadas nos últimos números
- Sóndeo a colexiación sobre os intereses da Revista para fomentar a participación
- Formación para mellorar a calidade dos artigos e a motivación das profesionais do Traballo Social

BLOG

O blog da páxina web do COTSG é unha venta aberta cara as persoas colexiadas, onde de xeito breve comunicar a actualidade do Traballo Social. A este espazo web achéganse compañeiros e compañeiras para contarnos experiencias de traballo, proxectos de interese para a profesión, e outras persoas relacionadas coa profesión ou os servizos sociais que aporten novas ou coñecementos de interese. Durante o ano 2024 seguirase o ritmo do ano 2023, publicando dúas entradas mensuais no blog, adaptado contidos a actualidade e novas sobre o Traballo Social e Servizos Sociais, aproveitando as efemérides máis vinculadas a nosa actividade profesional.

Dende decembro do 2021, data na que se puxo en marcha o novo portal rexistráronse numerosas demandas de acceso, así como de información sobre os requisitos e procedemento para poder acceder ao mesmo. Por outra banda, non se registrou unha demanda explícita ou suxestións con respecto ao funcionamento do novo portal, antes ao contrario, houbo usuarias/os que manifestaron o seu recoñecemento expreso e parabens polos cambios implementados. Con todo o COTSG, ten como un dos seus obxectivos estratéxicos a mellora continúa no marco do compromiso da encomenda de xestión que mantén coa Consellería de Política Social e Xuventude.

En desenvolvemento deste obxectivo estratéxico, unha das liñas de actuación propostas é favorecer os procesos participativos para a posible mellora técnica do Manual de Traballo, Información e Asesoramento en Servizos Sociais (MATIASS). Encaixando coa devandita liña de actuación desenvólvense o presente plan de actuación que persegue acadar no 2024 os seguintes

Obxectivos:

- Recoller de maneira expresa a potencial demanda implícita con respecto ao funcionamento ou dificultades que se poidan estar experimentando.
- Sintetizar e elaborar un documento de propostas achegadas.
- Analizar a viabilidade dos posibles cambios.
- Consensuar coa Consellería de Política Social e Xuventude un posible proxecto de actuacións a implementar no MATIASS.

Actividades e metodoloxía:

- 1 Realizarase, a través dunha enquisa publicada no MATIASS na primeira quincena do mes de febreiro de 2024 unha avaliación xeral de satisfacción co portal con preguntas finais abertas para posibilitar chegar opinións ou propostas.
- 2 Levaranse a cabo unha serie de encontros técnicos en grupos dun máximo de 20 participantes cada un.
 - Co obxecto de favorecer a participación desenvolveranse en modalidade virtual a través de Zoom, en horario laboral.

- Abrirase un prazo (por definir) para que as persoas interesadas en facer achegas realicen a inscrición nos encontros. (Dado que o prazo para a avaliación do Plan Concertado remata o 31 de marzo non se considerou axeitado organizalos ata despois desa dada para favorecer a participación das profesionais dos SS.SS comunitarios)
- A difusión dos encontros realizarase a través da publicación no MATIASS.
- En función do número de persoas inscritas organizaranse entre 1 e 3 encontros técnicos para recoller as achegas.



COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA - COTSG

Proxectando o **Traballo Social** do **futuro** dende a realidade do **presente**.

GRAZAS!

